



INSTRUCCIÓN 5/2008 DE INTERPRETACIÓN E APLICACIÓN DO REAL DECRETO 842/2002, DE 2 DE AGOSTO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO ELECTROTÉCNICO PARA BAIXA TENSIÓN: ACREDITACIÓN DAS EMPRESAS INSTALADORAS

Esta Dirección Xeral de Industria ven mantendo diversas reunións con representantes das asociacións profesionais de empresas instaladoras electricistas, e co grupo de traballo de técnicos das Delegación Provinciais de Industria relacionados con este tipo de instalacións, coa finalidade de clarificar e aplicar dun xeito uniforme en toda a Comunidade Autónoma de Galicia o Regulamento electrotécnico para baixa tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias, aprobadas polo Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto.

Neste ámbito, recibíronse diversas consultas relativas ás condicións que deben cumprir as empresas instaladoras de baixa tensión para exercer a súa actividade nunha provincia da nosa Comunidade Autónoma distinta a de orixe.

O Regulamento electrotécnico para baixa tensión establece na súa ITC-BT-03 os requisitos que deben cumprir as empresas para obter a autorización de Instalador en baixa tensión, requisitos que deberán acreditarse ante a Comunidade Autónoma onde radiquen os interesados.

Por outra banda, a posta en marcha do SERIE (sistema electrónico de rexistro de instalacións eléctricas) permite que calquera empresa debidamente acreditada na nosa Comunidade Autónoma poida tramitar de xeito telemático una instalación de baixa tensión en calquera provincia de Galiza, independentemente da provincia de orixe de dita empresa. Interesa, polo tanto, que este mesmo criterio sexa aplicado á tramitación presencial.

Si ben o artigo 12 da Orde de 27 de decembro do 2000 pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e esixencias a empresas autorizadas para a instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial, establece que para exercer a actividade noutra provincia distinta da de inscrición, as empresas autorizadas deberán comunicarllo a delegación provincial correspondente onde se execute a actividade, tamén e certo que o apartado f do artigo 35 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que é un dereito dos cidadáns non presentar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante.

A vista das conclusións recollidas, e coa finalidade de unificar criterios na aplicación do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, dítase a seguinte

INSTRUCCIÓN

As empresas Instaladoras de baixa tensión que estean debidamente acreditadas no rexistro que a tal fin existe nas Delegacións Provinciais de esta Consellería poderán executar instalacións de baixa tensión en calquera provincia da nosa Comunidade Autónoma, sin que sexa necesario que aporten documentación algunha para demostrar a súa acreditación no caso de tratarse de instalacións situadas fora da súa provincia de orixe. Nas Delegacións Provinciais verificarase, mediante procedementos internos, que a empresa disfruta de tal condición.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2008
O DIRECTOR XERAL DE INDUSTRIA ENEXÍA E MINAS

Asido, Axto Ramón Calvo Silvosa

